

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONCELLO
DE LOBIOS NO QUE SE ESTABLECEN AS BASES PARA O DESENVOLVEMENTO DAS
OBRAS DE REFORMA DO CENTRO DE SAÚDE DE LOBIOS**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde ten previsto formalizar co Concello de Lobios o instrumento convencional arriba referido, que entrará en vigor o día da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 28 de decembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases da colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e o Concello de Lobios para o financiamento das obras de reforma no centro de saúde de Lobios, propiedade do concello.

As obras de reforma comprenderán a substitución do depósito de combustible do sistema de calefacción.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

O Concello de Lobios e o Servizo Galego de Saúde cofinanciarán as obras a realizar do xeito que a continuación se indica:

Achegas máximas:

Concello de Lobios	1.279,58 €
Servizo Galego de Saúde	1.279,57 €

Que o instrumento convencional que se asina se fundamenta no seguinte:

O artigo 1 do Decreto 41/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, determina que esta é o órgano da Administración Autonómica responsable da superior dirección e control do desenvolvemento das

funcións e competencias que corresponden á Xunta de Galicia de conformidade coa Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, e coa Lei 5/1999, do 21 de maio, de ordenación farmacéutica.

O Decreto 43/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, determina que este é un organismo autónomo de natureza administrativa adscrito á Consellería de Sanidade, configurado para o axeitado desenvolvemento das competencias que no eido sanitario lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia.

Tanto a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, como a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, recollen ao longo do seu articulado o principio xeral de colaboración administrativa.

De conformidade co establecido no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, e o artigo 55 d) da citada Lei 7/1985, do 2 de abril, as administracións públicas prestaranse, no ámbito propio, a cooperación e asistencia activas que poidan precisar para o eficaz cumprimento das súas tarefas.

A Constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. En consecuencia, todas as administracións públicas deben impulsar medidas relativas á xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de poder prestar os servizos aos cidadáns en condicións de calidade que satisfagan as súas necesidades, sendo preciso minimizar custos e xestionar de forma compartida.

No Concello de Lobios o centro de saúde require de frecuentes actuacións de mantemento para ofrecer en cada momento o mellor servizo posible aos seus usuarios. Os servizos técnicos do Servizo Galego de Saúde teñen detectado a necesidade de efectuar unha actuación de reforma sobre este centro de saúde; polo que conscientes da dita necesidade, as partes intervenientes acordan unir os seus esforzos para acadar o obxectivo sinalado.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e



do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

